

MÉRCORES, 3 DE ABRIL

*"ESPAZOS DE ASOREY EN COMPOSTELA (Un paseo por Santiago con Francisco Asorey)"*

Por Mercedes Espiño Amil

Roteiros, paseos artísticos, percorridos literarios... son un novo xeito de achegármonos ao coñecemento da nosa contorna, que vemos, pero non miramos. Moito patrimonio histórico-artístico resulta case invisible por ser mal coñecido, como é o caso do escultor Francisco Asorey en e con Compostela. Entre eles hai unha moi longa e profunda relación, pois por decisión propia reside nesta cidade desde 1918 até 1961, máis de corenta anos.

En Santiago desenvolve a súa vida familiar e social, monta os seus obradoiros de escultura, imparte e reparte os seus coñecementos tantos anos. Santiago nomea a Asorey fillo adoptivo de Compostela en 1959.

Por iso, non é un desatino reivindicar a relación de Asorey con Compostela nin propoñer un roteiro polas obras realizadas por este grande escultor galego do s. XX, de amplo recoñecemento universal.

Mercedes Espiño Amil

(Pontevedra, 1956), licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela en Filoloxía Galego-Portuguesa e en Hispánica, foi profesora de Lingua e Literatura Galega desde 1980. Exerceu no Instituto Ramón Cabanillas de Cambados, no Instituto Mixto de Ribeira e, desde 1982, no IES Eduardo Pondal de Compostela, onde se xubila como catedrática no ano 2016.

Como activista da lingua, publicou artigos e libros, participou na elaboración de diversos manuais de texto para Secundaria, traduciu obras teatrais ao galego e colaborou coas revistas Andaina, Raiola (do Centro Galego de Vitoria-Gasteiz), Revista Galega de Educación, no semanario Sermos e no xornal Nós Diario.

Interesada na literatura e cultura nacional da Galiza, ten formulado e dirixido roteiros ou paseos literarios por diferentes Compostelas, entre outras, a de Rosalía de Castro, a das Irmandades da Fala ou a de Francisco Asorey.

SALÓN DE ACTOS

REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

PRAZA DO PINTOR ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR, 1

A CORUÑA




CICLO DE CONFERENCIAS

DÍA DAS ARTES GALEGAS 2024

26 DE MARZO, 1, 2 E 3 DE ABRIL DE 2024 ÁS 20:00 H.

FRANCISCO ASOREY



MARTES, 26 MARZO: "O ESPÍRITO NA ESCULTURA DE ASOREY"

Por Felipe-Senén López Gómez

LUNS, 1 ABRIL: "FORMA E SÍMBOLO NA ESCULTURA DE FRANCISCO ASOREY"

por Maribel Iglesias Baldonado

MARTES, 2 ABRIL: "FRANCISCO ASOREY NO SEU CONTEXTO"

por José Manuel López Vázquez

MÉRCORES, 3 ABRIL: "ESPAZOS DE ASOREY EN COMPOSTELA (UN PASEO POR SANTIAGO CON FRANCISCO ASOREY)"

por Mercedes Espiño Amil

MARTES, 26 DE MARZO

*O ESPÍRITO NA ESCULTURA DE ASOREY*

Por Felipe-Senén López Gómez

Asorey foi un dos renovadores da Arte Galega, cunha intensa, singular e monumental obra repartida por toda Galicia, Euskadi, Cataluña, Bos Aires e Montevideo. De carácter modernista, busca os contrastes, de pedras e madeiras, con fondo simbolismo, esencialmente baseado nas tradicións galegas, as que entendía, como moitos compañeiros galegos de xeración, nesa interrelación céltica de paisaxe e paisanaxe.

Profesor de Escultura Anatómica na Facultade de Medicina de Compostela, de Escultura na Escola de Artes e Oficios da mesma cidade, con fonda impronta nos seus alumnos.

Felipe-Senén López Gómez

Historiador da Cultura Galega. Formado na Universidade de Compostela (1969-1974), onde ademais recibe prácticas de Museoloxía con Manuel Chamoso Lamas. De 1975 a 1997, Conservador do Museo Arqueolóxico da Coruña, da que pide excedencia para ser Técnico de Cultura e Museólogo da Deputación da Coruña. Numerario da Academia Galega de Belas Artes e do Instituto J. Cornide de Estudos Coruñeses, entre outros. Preocupado pola sensibilización cultural, creador e animador de varios colectivos e cunha ampla actividade como conferenciante, divulgador e estudioso da historia da Cultura Galega, especialmente nos eidos da Arqueoloxía, a Etnografía e a simboloxía, entre eles da obra do Arquitecto A. Palacios, singular figura que circunscribe no seu contexto espacial e temporal e que caracterizou o Decadentismo, como contestación á deshumanización que podía levar a revolución industrial. Entendendo a Palacios como seguidor dos presupostos da Xeración Nós, na procura de solucións de orixe, orixinais, potenciando e re-creando sobre as pedras, sobre as artesanías.

LUNS, 1 DE ABRIL

*FORMA E SÍMBOLO NA ESCULTURA DE FRANCISCO ASOREY*

Por Maribel Iglesias Baldonado

Francisco Asorey comparte xeración con Ramón Cabanillas, Castelao, Camilo Díaz Valiño ou Juan Luis López. Todos eles vense influídos polo movemento artístico modernista-simbolista, que en moitos lugares levou a facer unha reivindicación do máis próximo: da Terra e da raza. É por iso que as obras destes autores agochan un importante contido simbólico, que tratarei de debullar na obra de Francisco Asorey, especialmente na realizada na década dos anos 20 e nas obras en madeira destinadas ás Exposicións Nacionais de Belas Artes.

Maribel Iglesias Baldonado

Caracas, Venezuela, 1964. É filla de emigrantes galegos procedentes de Lalín, Pontevedra, que á volta se instalan en Santiago de Compostela. Alí estuda xeografía e historia e licénciase en 1987. Aproba as oposicións en 1988 a profesora de secundaria e consegue o destino definitivo en Cambados en 1991. Traballa primeiro no IES Ramón Cabanillas e oito anos despois trasládase ao IES Francisco Asorey, onde segue a día de hoxe. Interesoulle dende sempre a historia local e dála a coñecer entre o seu alumnado: ir do particular ao universal. En relación a isto está o traballo Cambados, 100 anos de historia a través da fotografía (2005), que fixo xunto a alumn@s e compañeir@s do centro educativo, e que obtivo un premio á innovación educativa da Xunta de Galicia. Nesa liña seguiron os libros sobre Ramón Cabanillas, Biografía en imaxes (2008) e Francisco Asorey, escultor galego (2018), publicado este último a partir da Tese de Doutoramento que defendeu na USC en marzo de 2016 e pola que obtivo a cualificación de sobresaliente cum laude. En 2021 publica: O Pazo de Fefiñáns. Historia e Arte.

MARTES, 2 DE ABRIL

*FRANCISCO ASOREY NO SEU CONTEXTO*

Por José Manuel López Vázquez

Os primeiros anos do século XX son dunha extraordinaria riqueza en canto ao despertar da sociedade galega. Neles entrelázanse os procesos de creación artística e de identidade nacional, pois é entón cando adquire a súa máxima difusión a teoría da percepción que influíu decisivamente na teoría da arte formalista. A elaboración dunha arte galega que xerase a súa propia "escola" faise, entón, imprescindible @teniendo en cuenta a máxima de Maurice Varres (repetida por Otero Pedrayo) «ser existente, é ser diferente»: Unha arte galega diferente era o mellor síntoma de que Galicia tamén era diferente e que o nacionalismo galego sustentábase nunha base firme. Sen dúbida, o máximo expoñente da escultura galega, xeradora dunha escola nacional, é Francisco Asorey, o «escultor da raza» e de moitas máis cousas.

José Manuel López Vázquez

Catedrático de Historia da arte.

Profesor do Departamento de Historia da arte da Universidade de Santiago desde outubro de 1974 ata a súa xubilación o 31 de agosto de 2023, sendo director de 10 tese doutoral. Comisario de numerosas exposicións de Arte Galega. Desempeña diversos cargos para a administración sendo, ademais, Membro do Relatorio de Patrimonio do Consello da Cultura Galega, Membro da Comisión do Patrimonio Histórico da Cidade e do Camiño de Santiago, Membro da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, Membro da Comisión Asesora e do Comité científico para a elaboración dos Proxectos Museolóxicos e Museográficos do Museo da Historia da Cidade da Cultura, Membro do xurado do Premio das Artes e das Letras de Galicia, Xunta de Galicia. A súa investigación céntrase en dúas liñas: arte galega moderna e contemporáneo e a interpretación da obra Goya.

Os seus artigos atópanse en revistas indexadas, actas de congresos e catálogos de exposicións e tratan sobre, iconografía relixiosa, ourivaría, escultura renacentista, barroca e neoclásica e pintura desde o neoclasicismo ao rexionalismo